



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE TRECE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN**  
**(ACTA NÚMERO 31)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trece de agosto de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúñense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten as señoras Deputadas dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto e dona Mayra García Bermúdez.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de agosto de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DE OBRAS.**

**Primeiro.-** *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O PARAMO.- “Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, p.k. 5+200 a 5+435, e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI)- Páramo (LU-P-4304) (1.164 M).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O PARAMO.- “Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, p.k. 5+200 a 5+435, e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI)- Páramo (LU-P-4304) (1.164 M), consta no mesmo:



Proxecto da obra O PARAMO.- “Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, p.k. 5+200 a 5+435, e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI)- Páramo (LU-P-4304) (1.164 M), con CSV: IV7E6H3KFNZK6WWDUP7VP7XHDY

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E6HXTHMNYXWWJ2ZNG6ICGGY

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7E6H3KNAH6JD74SL7EGYZSI4

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7E6H3MJBR7RVPMAH7DMAFXI4

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7E6LKKNP655D6SQH4TM5BGME

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7E2HDNBFX4KSN4BQMTCHQPIA

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E2HLJLZESZCOK2X44I4T7A4

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: O PARAMO.- “Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, p.k. 5+200 a 5+435, e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI)- Páramo (LU-P-4304) (1.164 M), sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos

156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 367.722,81 €, dos cales 63.819,66 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O PARAMO.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, das estradas provinciais LU-P-4203 “Pacios (LU-633<sup>a</sup>)-Trebolle (LU-P-4302)”, p.k. 8+020 a 14+088; LU-P-4305 “LU-P-4304-Moscán”, p.k. 0+000 a 1+426 e LU-P-4306 “LU-P-2904 Santo André da Ribeira”, p.k. 0+000 a 5+677.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O PARAMO.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, das estradas provinciais LU-P-4203 “Pacios (LU-633<sup>a</sup>)-Trebolle (LU-P-4302)”, p.k. 8+020 a 14+088; LU-P-4305 “LU-P-4304-Moscán”, p.k. 0+000 a 1+426 e LU-P-4306 “LU-P-2904 Santo André da Ribeira”, p.k. 0+000 a 5+677, consta no mesmo:

Proxecto da obra O PARAMO.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, das estradas provinciais LU-P-4203 “Pacios (LU-633<sup>a</sup>)-Trebolle (LU-P-4302)”, p.k. 8+020 a 14+088; LU-P-4305 “LU-P-4304-Moscán”, p.k. 0+000 a 1+426 e LU-P-4306 “LU-P-2904 Santo André da Ribeira”, p.k. 0+000 a 5+677, con CSV: IV7E6LCNGD4CITNJCRMBOPRWGA

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E6LCCDUNCRVVKQE6FAU7Q6E

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7E6LBJJU76TP7CVHCCMHUMI

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7E6LBLB4ZIVXGCWV4QMUISAM



Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:  
IV7EY TZOAAZOXOOLS3W5ENZAFY

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo  
risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:  
IV7E2HDNBRN4JFPSSH5MAT2S6E

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria  
Xeral, con CSV: IV7E2HLOIABL4TXRUPSCN7AOA

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que,  
pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: O PARAMO.- Rehabilitación superficial do firme, mediante regos con gravilla, das estradas provinciais LU-P-4203 “Pacios (LU-633ª)-Trebolle (LU-P-4302)”, p.k. 8+020 a 14+088; LU-P-4305 “LU-P-4304-Moscán”, p.k. 0+000 a 1+426 e LU-P-4306 “LU-P-2904 Santo André da Ribeira”, p.k. 0+000 a 5+677, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 122.851,84 €, dos cales 21.321,39 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Proposta de aprobación, se procede do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada RIBADEO.- Rehabilitación de firme e dotación de beirarrúas LU-P-5207 “Ribadeo-Vilela (LU-133)”, p.k. 0+500 a 1+129.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: RIBADEO.- Rehabilitación de firme e dotación de beirarrúas LU-P-5207 “Ribadeo-Vilela (LU-133)”, p.k. 0+500 a 1+129, consta no mesmo:

Proxecto da obra REHABILITACIÓN DE FIRME E DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS LU-P-5207 “RIBADEO-VILELA (LU-133)”, P.K. 0+500 A 1+129, con CSV: IV7E2CPKHQ5J3NE5UJIFAULUMM

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E2SQ3BQR75LJ32H6S6ECUDY

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7E2SQ5DYB6JJB7WMQFD7TVGE

Acta de Reformulo Previo, asinada dixitalmente en data 26/07/2021.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7E2DXIJBZC7WFZ2JGVP3TTCI

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7E3QJNB54JRGFO6PYUAVJCH4

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E3QIPOBBJ3L4NC4USK4LGEE

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: RIBADEO.- Rehabilitación de firme e dotación de beirarrúas LU-P-5207 “Ribadeo-Vilela (LU-133)”, p.k. 0+500 a 1+129, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 524.075,90 €, dos cales 90.955,32 € corresponden ao IVE (21%), conforme ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2021	4530.619	262.037,95€	22021/22167
2022		262.037,95€	220219/493
<b>TOTAL</b>		<b>524.075,90€</b>	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, nas aplicacións sinaladas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DE DIVERSAS OBRAS.**

**Primeiro.-** *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: GUITIRIZ.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla na LU-P-2303 “Parga (LU-P-2101)-Pedrafita-Santalla (LU-P-0804)”, p.k. 0+000 a 3+200.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29 de xullo de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GG6PDH4NZL5J6UNEACVIEKY <sup>1</sup>

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: GUITIRIZ.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA NA LU-P-2303 "PARGA (LU-P-2101) - PEDRAFITA - SANTALLA (LU-P-0804)", P.K. 0+000 A 3+200, con CSV: IV7GG6S5PBMCI9VZS3YNAMQQIE

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7GG6RTOEVKVDROCF5CJTX74

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7EUUCBRPOXCB6QZ554PTWAA

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EUUI4MDVSL5K2AFRJRBFY

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EUUPMF75TWT7PRQOBM4SFGA

Acordo da Xunta de Goberno, de data 07/05/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EU4DIPVGY5P5TW57C6ARBCU

---

<sup>1</sup> Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Publicación, o día 07/05/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondeestado.es](http://www.contrataciondeestado.es)).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 14/06/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliáveis automaticamente (sobre B), con CSV: IV7ESPP6JNVKT6RMWJGB6ZJ6AI

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), observándose que a mercantil OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL, achega unha declaración responsable (anexo I) que non se axusta ao modelo establecido no PCAP, polo que a mesa, por unanimidade acorda, requirir a estas, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles, para a achega de declaración responsable (ANEXO I) nos termos do PCAP e proseguir coa apertura de ofertas, condicionada á achega da documentación indicada pola empresa sinalada.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

GUITIRIZ.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA NA LU-P-2303 "PARGA (LU-P-2101) - PEDRAFITA - SANTALLA (LU-P-0804)", P.K. 0+000 A 3+200  
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

63.680,70	
52.628,68	11.052,02

DE IVE (partida independente)

VALOR ESTIMADO  
 CLASIFICACION EXIGIDA:  
 PRAZO DE EXECUCION:

NO  
 6 MESES  
 MAXIMO  
 1.052,57

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	PRECIO (95)	P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO ( IVE incluído .- art 102 )	Oferta ( sen IVE) (MAX. 2% S/V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL		52.731,80 €	530,00 €	9/0
2	CHOLO SL		52.001,66 €	1.016,53 €	24/2
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	49.721,32 €	0,00 €	49/0
4	CONSTRUCCIONES RAFAEL SL		50.384,17 €	869,89 €	26/0
5	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	50.995,45 €	1.052,57 €	6/0
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL		53.940,74 €	423,66 €	90/2

7	HERMANOS PICO YAÑEZ SL			51.504,97 €	200,00 €	12/0
8	JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA			52.030,00 €	860,00 €	25/0
9	JOSÉ SANJURJO CONSTRUCCIONES SL			48.944,73 €	1.052,57 €	16/1
10	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		*	61.585,60 €	322,31 €	1/0
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL			52.090,81 €	1.487,61 €	39/2

\* Anexo I distinto modelo PCAP

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL	52.731,80 €	70,59	530,00 €	2,52	73,11
2	CHOLO SL	52.001,66 €	75,29	1.016,53 €	4,83	80,12
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	49.721,32 €	89,99	0,00 €	0,00	89,99
4	CONSTRUCCIONES RAFER SL	50.384,17 €	85,72	869,89 €	4,13	89,85
5	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	50.995,45 €	81,78	1.052,57 €	5,00	86,78
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	53.940,74 €	62,79	423,66 €	2,01	64,80
7	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	51.504,97 €	78,49	200,00 €	0,95	79,44
8	JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA	52.030,00 €	75,11	860,00 €	4,09	79,20
9	JOSÉ SANJURJO CONSTRUCCIONES SL	48.944,73 €	95,00	1.052,57 €	5,00	100,00
10	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	61.585,60 €	13,51	322,31 €	1,53	15,04
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	52.090,81 €	74,72	1.487,61 €	5,00	79,72

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA	
		Oferta	
1	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL	52.731,80 €	MEDIA 52.493,58
2	CHOLO SL	52.001,66 €	
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	49.721,32 €	BAIXA DESPROPORCIONADA 47.244,22
4	CONSTRUCCIONES RAFER SL	50.384,17 €	
5	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	50.995,45 €	10% ARRIBA 57.742,94
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	53.940,74 €	
7	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	51.504,97 €	
8	JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA	52.030,00 €	
9	JOSÉ SANJURJO CONSTRUCCIONES SL	48.944,73 €	
10	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	61.585,60 €	
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	52.090,81 €	
			Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL		A 50.995,45 €

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:



Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL PUNTOS
1	JOSÉ SANJURJO CONSTRUCCIONES SL	100,00
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A 89,99
3	CONSTRUCCIONES RAFER SL	89,85
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A 86,78
5	CHOLO SL	80,12
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	79,72
7	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	79,44
8	JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA	79,20
9	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL	73,11
10	GRUPO BASCUAS 2008 SL	64,80
11	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	15,04

Requirir a empresa OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para que acheguen de novo a declaración responsable (Anexo I) nos termos establecidos no PCAP.

Determinar que unha vez achegada a antedita documentación de xeito correcto, se requira á empresa JOSE SANJURJO CONSTRUCCIONES SL para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e a constitución da garantía definitiva por importe de 2.022,51€ euros, (5% s/ adxudicación sen IVE), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

En data 14-06-2021, segundo o acordado pola Mesa de Contratación, polo Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de obras e plans-, requiriuse á mercantil OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para que acheguen de novo a declaración responsable (Anexo I) nos termos establecidos no PCAP, que foi achegado en data 16-06-2021.

Por resolución da Presidencia de data 21/06/2021, con CSV: IV7E43X5LE63SW7N5QOHIQCSO4, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa JOSE SANJURJO CONSTRUCCIONES SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 22/06/2021, rematando o prazo de presentación o día 06/07/2021. A mercantil JOSE SANJURJO CONSTRUCCIONES, presentou a documentación requirida o 05/07/2021 a través da plataforma de contratos do sector público e a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo con RE nº 2021RPE017452.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 29/07/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa JOSE SANJURJO CONSTRUCCIONES SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, ACORDA propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa José Sanjurjo Construcciones S.L. con C.I.F. B-27172956 representada por D. Jose Sanjurjo Portela con DNI \*\*\*3930\*\*, a contratación da obra denominada GUITIRIZ.- GUITIRIZ.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla na LU-P-2303 “Parga (LU-P-2101)-Pedrafita-Santalla (LU-P-0804)”, p.k. 0+000 a 3+200 no prezo de 48.944,73 €, dos cales 8.494,54€ corresponden ao IVE (21%) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.052,57€ mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, achega do plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza de todo risco construción, de acordo co establecido no PCAP



Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa José Sanjurjo Construcciones SL con C.I.F. B-27172956 representada por D. Jose Sanjurjo Portela con DNI \*\*\*3930\*\*, a contratación da obra denominada GUITIRIZ.- GUITIRIZ.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla na LU-P-2303 “Parga (LU-P-2101)-Pedrafita-Santalla (LU-P-0804)”, p.k. 0+000 a 3+200 no prezo de 48.944,73 €, dos cales 8.494,54€ corresponden ao IVE (21%) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.052,57€ mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, achega do plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza de todo risco construción, de acordo co establecido no PCAP

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3202 “Monforte-Currelos (LU-611)”, p.k. 6+920 a 10+400.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29 de xullo de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.



Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EUUP3LNNO3RB7AM7RI5AQEY<sup>2</sup>

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3202 “MONFORTE-CURRELOS (LU-611)”, P.K. 6+920 A 10+400, con CSV: IV7EU2DOD5N3YWMZYLYSMNT7GY

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EU6DJLZX73ZBKQYNRFZRDJ4

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7EU0J5JVB4L5MIWQUHO3QBOQ

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EU0JTDFB7VLN6ABNNMFRAPY

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EUOSMEF7T4XWIXTXBCRAUHY

Acordo da Xunta de Goberno, de data 14/05/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EVUBZVFVJ7DP3DQ5D4BBVCY

Publicación, o día 14/05/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondeestado.es](http://www.contrataciondeestado.es)).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 14/06/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliábeis automaticamente (sobre B), con CSV: IV7ESPP6JPROZLB5UVEUEI7B54

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

---

<sup>2</sup> Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), observándose que a mercantil OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL, achega unha declaración responsable (anexo I) que non se axusta ao modelo establecido no PCAP, polo que a mesa, por unanimidade acorda, requirir a estas, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles, para a achega de declaración responsable (ANEXO I) nos termos do PCAP e proseguir coa apertura de ofertas, condicionada á achega da documentación indicada pola empresa sinalada.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3202 “MONFORTE-CURRELOS (LU-611)”, P.K. 6+920 A 10+400  
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

	163.404,35	
	135.044,92	28.359,43
		DE IVE (partida independiente)
	NO	MAXIMO
	9 MESES	2.700,90

VALOR ESTIMADO  
 CLASIFICACION EXIGIDA:  
 PRAZO DE EXECUCION:

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	PRECIO (95)	P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
		PREZO (IVE incluído .- art 102 )	Oferta ( sen IVE) (MAX. 2% S/V. Estimado)	Plantel / Discapitados
1 ACOVAL SA		157.194,98 €	100,00 €	40/1
2 ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		163.404,35 €	0,00 €	23/1
3 CONSTRUCCIONES RAFER SL		142.161,79 €	2.700,90 €	26/0
4 FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		133.100,00 €	1.000,00 €	14/0
5 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	*	160.414,05 €	498,86 €	1/0
6 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		154.033,00 €	0,00 €	37/1
7 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		161.769,74 €	0,00 €	39/2

\* Anexo I distinto PCAP

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
	Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1 ACOVAL SA	157.194,98 €	19,47	100,00 €	0,19	19,66
2 ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	163.404,35 €	0,00	0,00 €	0,00	0,00
3 CONSTRUCCIONES RAFER SL	142.161,79 €	66,59	2.700,90 €	5,00	71,59
4 FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	133.100,00 €	95,00	1.000,00 €	1,85	96,85
5 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	160.414,05 €	9,37	498,86 €	0,92	10,29
6 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	154.033,00 €	29,38	0,00 €	0,00	29,38
7 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	161.769,74 €	5,12	0,00 €	0,00	5,12



De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	ACOVAL SA	157.194,98 €
2	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	163.404,35 €
3	CONSTRUCCIONES RAFER SL	142.161,79 €
4	<b>FEVISA VÍAS Y OBRAS SL</b>	<b>133.100,00 €</b>
5	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	160.414,05 €
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	154.033,00 €
7	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	161.769,74 €

  

MEDIA
153.153,99

  

BAIXA DESPROPORCIONADA
<b>137.838,59</b>

  

10% ARRIBA
168.469,39

Tendo en conta que a oferta presentada pola empresa FEVISA VÍAS E OBRAS incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramitase a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

Polo Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans, requiriuse a mercantil OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles, para a achega de declaración responsable (ANEXO I) nos termos do PCAP, trámite que realizou dentro do prazo a indicada empresa, incluído dito documento no expediente.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 28/06/2021, con CSV: IV7E5T75FTV7THPT6FFSCMBC4M, na que se deu conta do informe relativo a baixa desproporcionada ou anormal, aceptándose a xustificación feita e acordos da Mesa:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS //(GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	96,85
2	CONSTRUCCIONES RAFER SL	71,59
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	29,38

4	ACOVAL SA		19,66
5	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		10,29
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		5,12
7	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL		0,00

Requirir á empresa FEVISA VÍAS Y OBRAS SL para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e a constitución da garantía definitiva por importe de 11.000,00 euros, que supón o 10% s/ prezo do contrato (sen IVE), (supón o 5% de garantía definitiva e 5% garantía complementaria según o establecido no PCAP) significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 02/07/2021, con CSV: IV7E62RTYDRT3DELAMEBAD7FA4, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa FEVISA VÍAS Y OBRAS SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 06/07/2021, rematando o prazo de presentación o día 20/07/2021. A mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL, presentou a documentación requirida o 14/07/2021 a través da plataforma de contratos do sector público, o 19/07/2021 a través da Sede electrónica, con RE nº 2021RT011491.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 29/07/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa FEVISA VÍAS Y OBRAS SL presenta a documentación requirida en tempo.



A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa FEVISA VÍAS Y OBRAS SL con C.I.F. B-27276856 representada por D. Fernando José López Méndez con DNI \*\*\*6861\*\*, a contratación da obra denominada MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3202 “Monforte-Currelos (LU-611)”, p.k. 6+920 a 10+400, no prezo de 133.100,00 €, dos cales 23.100,00€ corresponden ao IVE (21%); un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.000,00€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo risco construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 29/07/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL con C.I.F. B-27250182 representada por D. Isidro Otero Bello, con DNI \*\*\*0468\*\*, a contratación da obra denominada BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-0610 “Enlace praias Altar-Reiannte-Glorieta As Catedrais”, p.k. 1+400 a 3+241, no prezo de 120.777,63 €, dos cales 20.961,41€ corresponden ao IVE (21%); un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 600,00€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de

seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL con C.I.F. B-27250182 representada por D. Isidro Otero Bello, con DNI \*\*\*0468\*\*, a contratación da obra denominada BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-0610 “Enlace praias Altar-Reiannte-Glorieta As Catedrais”, p.k. 1+400 a 3+241, no prezo de 120.777,63 €, dos cales 20.961,41€ corresponden ao IVE (21%); un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 600,00€ mais IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o



carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a execución dos fins comúns consistentes na “Construción de edificio multiusos en Cedofeita” (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 27 de novembro de 2020).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidenta, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 27 de novembro de 2020, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado entre as partes o día 11 de decembro do mesmo ano.

O 25 de xuño de 2021, ao abeiro do disposto na cláusula sexta do citado convenio, o representante legal do Concello de Ribadeo presentou no rexistro telemático desta entidade solicitude mediante a cal propón a modificación do punto 5 do apartado 3.2 da cláusula terceira, e da letra C) da cláusula cuarta, relativas a prazos de execución e xustificación, respectivamente; e xustificando a dita solicitude na demora da tramitación dunha operación de crédito necesaria para afrontar os compromisos económicos asumidos coa sinatura do convenio e nos retrasos que a pandemia da COVID-19 produciu na licitación dos investimentos que constitúen o seu obxecto.

Á vista da solicitude, o Servizo de Cultura recabou ao Concello de Ribadeo a modificación voluntaria dos termos de aquela, por adoecer de erros materiais.

En resposta a esta petición, o 28 de xullo de 2021, tivo entrada no rexistro telemático desta entidade novo escrito do representante legal do Concello de Ribadeo, no que, aparte de emendar os citados erros e co mesmo fundamento, solicitou, ademais das citadas modificacións, a da cláusula primeira do convenio, no que ao cadro de financiación dos investimentos se refire.

Examinada a solicitude, dende o Servizo de Cultura, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, emitíuse informe favorable ás citadas modificacións, o 29 de xullo de 2021.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse informe xurídico favorable á súa modificación, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende o Servizo de Cultura, o 2 de agosto de 2021.



Finalmente, á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención informou favorablemente, o 11 de agosto de 2021, a modificación do convenio de referencia nos termos citados anteriormente.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das seguintes modificacións do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a execución dos fins comúns consistentes na “Construción de edificio multiusos en Cedofeita” (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 27 de novembro de 2020) :

- Da cláusula primeira, no que á distribución das actuacións a executar en cada anualidade se refire.
- Do punto 5 do apartado 3.2 da cláusula terceira, relativo aos prazos de execución.
- E da letra C) da cláusula cuarta, no que aos prazos de xustificación respecta.

2º.- Aprobación do texto da addenda que inclúe os termos das modificacións do convenio previstas no apartado anterior, manténdose inalteradas o resto das súas cláusulas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2021.**

Logo de ver a proposta do Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 25 de xuño de 2021 aprobou as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2021.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 149 do venres 2 de xullo de 2021.

Tendo en conta que de conformidade co punto 9º “Avaliación das solicitudes” das Bases da convocatoria de subvencións de referencia: *“Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións”*.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar na convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica da convocatoria trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse dúas listaxes nas que inclúen os solicitantes propostos para cadansúa liña de subvencións prevista nas bases da convocatoria e que van rubricadas para o efecto.



Tendo en conta que, con data 10 de agosto de 2021 se constituíu a Comisión de Avaliación, para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instructor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non superaren o limiar mínimo da primeira fase da valoración ou teren presentado desistencia.

Tendo en conta que as subvencións concedidas suman os seguintes totais, de acordo coas liñas de axudas previstas e cos importes que se indican:

<b>LIÑA</b>	<b>IMPORTE</b>
LIÑA 10.2 RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO	45.000 €
LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES	38.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>83.000 €</b>

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións subvencións que se mencionan nas listaxes que figuran no expediente, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes incorporadas ó expediente:

Liña 1.- Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses:

- Listaxe solicitudes para as que se propón a concesion de subvención: Comeza con “Asociación Mulleres Rurais Leticia”, e remata con “Asociación Xuvenil Veciñal A Cambela”.
- Solicitudes desestimadas: “Asociación Rubancares”.

Liña 2.- Reserva da Biosfera Terras do Miño:

- Listaxe solicitudes para as que se propón a concesion de subvención: Comeza con “Asociación Amigos Patrimonio Castroverde”, e remata con APROCAM (Agrupación Produtores carne alta montaña)”.
- Solicitudes desestimadas: “Asociación Veciños San Esteban de la Mota”.

Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LISTAXE DE ENTIDADES ADMITIDAS, LISTAXE DE ENTIDADES EN AGARDA, E LISTAXE DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS, PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA, ANUALIDADE 2021.**

Logo de ver a proposta da Deputada- Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión celebrada o pasado 18 de xuño de 2021, aprobou as bases reguladoras da convocatoria do programa *Coñece a túa provincia* (anualidade 2021), o cal ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de excursións dentro da provincia de Lugo para entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e con sede no territorio provincial.

Tendo en conta que con data 30 de xuño de 2021, as bases reguladoras da convocatoria do programa foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 147, abríndose un prazo de 30 días naturais a contar dende o día seguinte desta publicación para que aquelas entidades interesadas puidesen enviar a correspondente solicitude de participación.

Visto que con data 30 de xullo de 2021 finalizou o prazo de presentación de solicitudes por parte das entidades interesadas, sendo revisadas polo Servizo de Turismo.

Visto o informe do Servizo de Turismo no que se recolle, entre outros aspectos:

“(…)

*Finalizado o prazo de presentación de solicitudes con data 30 de xullo de 2021 e comprobada a documentación achegada nas 143 solicitudes, faise necesario, en aplicación da*



*base reguladora 6.1, prestar aprobación por parte da Xunta de Goberno da listaxe de entidades admitidas, excluídas e en agarda.*

*Asemante, segundo a base reguladora 6.3 do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2021), a orde de prelación da listaxe de entidades admitidas establecerase conforme á orde de presentación das solicitudes por rexistro ata esgotar as prazas dispoñibles. Para o recuento das prazas asignadas tomarase como referencia o número máximo de participantes que indique cada entidade na súa solicitude. No caso de cubrirse as prazas ofertadas en primeira convocatoria, elaborárase –de ser procedente- unha listaxe de agarda coas restantes solicitudes por orde de entrada no rexistro.*

*Tendo en conta que na base 8.3 da convocatoria do programa se recolle que en cada excursión poderá participar un máximo de 23 persoas (ou ben un número inferior se así o require a normativa sanitaria de aplicación) e un mínimo de 11, e poñendo de manifesto que en data actual, a normativa que regula o número de persoas que poderán participar en visitas turísticas, sexan convivintes ou non, se atopa regulada pola ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na que especificamente se sinala:*

*“(…)*

*3.20. Bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais.*

*(…)*

*2. Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata vinte persoas nas actividades de grupos, sexan ou non convivintes, excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, agás no caso de persoas convivintes.*

*(…)*

*3.24. Especificidades para determinadas actividades turísticas, centros de interpretación e visitantes, aulas da natureza, casetas e puntos de información.*

*1. Poderán realizarse actividades de turismo ao aire libre, organizadas por empresas habilitadas para iso, e a actividade de guía turístico para grupos de ata un máximo de vinte persoas máis o monitor, sexan ou non convivintes, e deberán establecerse as medidas necesarias*

*para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.*

*2. Nos centros de interpretación e visitantes, nas aulas da natureza, nas casetas e nos puntos de información da Rede galega de espazos protexidos e espazos similares non se poderá exceder o cincuenta por cento da súa capacidade e deberá respectarse o máximo de dez persoas nas actividades grupais no interior ou de vinte persoas nas actividades no exterior, sexan ou non conviventes. Ademais, deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade, excepto no caso de persoas conviventes.*

*Atendendo ao anteriormente indicado, e sinalando que nesta convocatoria do programa Coñece a túa Provincia se ofertaron un total de 1242 prazas, presentándose as solicitudes que se incluíron nas listaxes que se acompañan a este informe, e igualmente, tendo en conta que en rigorosa aplicación da normativa sanitaria vixente, atendendo ao número máximo de participantes que poden incluírse en cada grupo en actividades ao aire libre se cubriron coas primeiras 62 solicitudes un total de 1233 prazas (non sendo posible formar grupo coas nove restantes ao requirirse un mínimo de 11 persoas para poder organizar cada excursión), proponse a aprobación pola Xunta de Goberno da listaxe anexa de entidades admitidas, listaxe de agarda e listaxe de solicitudes excluídas, sinalando debidamente neste caso a causa de exclusión atendendo ás bases da convocatoria*

*Igualmente, infórmase que a teor do establecido na base reguladora séptima, a relación das entidades admitidas e excluídas, así como a listaxe de agarda, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 45 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*Por último, atendendo ás especificacións da normativa vixente en materia sanitaria, deberá terse en conta a posibilidade de que sexa necesario readaptar certos itinerarios que inclúen visitas a interiores de museos ou monumentos que poidan ter limitados os seus aforos por debaixo das 20 persoas máis guía que sinala o punto 3.20 da ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, atendendo á súa capacidade ou ben á situación epidemiolóxica concreta de cada municipio.”*



Segundo o anteriormente indicado, e tendo en conta o informe do Servizo de Turismo que acompaña a este expediente, así como a relación anexa de entidades admitidas, listaxe de agarda e listaxe de entidades excluídas para a participación no programa *Coñece a túa Provincia* (anualidade 2021), a Deputada- Delegada que subscribe, propón:

Que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Prestar aprobación da listaxe das 62 entidades admitidas para a participación no programa *Coñece a túa Provincia* (anualidade 2021) que figura na relación anexa e que comeza co Centro recreativo, cultural y deportivo de Baamonde e remata coa Asoc. De veciños de San Esteban de la Mota.

2º.- Prestar aprobación da listaxe de agarda formada por 79 entidades que solicitaron participar no programa *Coñece a túa Provincia* (anualidade 2021) que figuran na relación anexa e que comeza coa Asoc. de Xogos Tradicionais de Muimenta Xotramu e remata coa Asoc. Veciñal Sta. Marta de San Xoan de Silverrei.

3º.- Prestar aprobación da listaxe de 2 solicitudes excluídas para a participación no programa *Coñece a túa Provincia* (anualidade 2021) que figuran na relación anexa.

4º.- Ordear a publicación das listaxes indicadas no Boletín Oficial da Provincia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR SETE PRAZAS DENOMINADAS CAPATAZ, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL.**

Logo de ver a proposta da deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Na Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2018 (BOP 296, do 28.12.2018), inclúense as prazas/postos números 932/1506, 933/1507, 934/1508, 935/1509, 936/1510, 937/1511, 938/1512, denominadas Capataz, Grupo C, Subgrupo C1, do Cadro de persoal funcionario, reservadas a Promoción Interna vertical, vacantes dotadas.

Visto que no cadro de persoal están vacantes e dotadas 7 prazas denominadas Capataz de Camiños, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que na RPT están vacantes e dotados os postos denominados Capataz asociados ás prazas antes mencionadas.

Constatándose a necesidade da cobertura das praza que a continuación se relaciona, propónse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020), acorde:

**1º.-** Aprobar a convocatoria para prover as seguintes prazas/postos, reservadas a promoción interna vertical:

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGR	Nº POSTO
2018	7	932 933 934 935 936 937 938	CAPATAZ DE CAMIÑOS/CAPATAZ	F	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre	C-C1	1506 1507 1508 1509 1510 1511 1512

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 13.03.2020 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na deputación provincial de Lugo. (BOP 089, de 20.04.2020- corrección erros BOP 112, de 18.05.2020)



3º.- Aprobar as bases específicas que complementarían as bases xerais que rexeran o procedemento selectivo para cubrir sete prazas/postos de Capataz de camiños / Capataz, reservadas a promoción interna vertical.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente proceso selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas, nos boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR UNHA PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL.**

Logo de ver a proposta da deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vista a Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2018 (BOP 296, do 28.12.2018), na que figura vacante a praza/posto número 906/1472, denominada Enxeñeiro/a Montes, Grupo A, Subgrupo A1, do Cadro de persoal funcionario, reservada a promoción interna vertical.

Visto o Acordo Plenario de 30.11.2020 polo que se aproba o orzamento para o ano 2021 publicado no BOP DE 30.12.2020, no que se modifica a denominación da praza número 906/1472 que pasa a denominarse Técnico/a Superior Forestal, vacante, reservada a promoción interna.

Visto que no cadro de persoal funcionario está vacante e dotada a praza 986 denominada Técnico/a Superior Forestal.

Visto que na RPT vixente esta vacante e dotado o posto número 1472, denominado Técnico/a Superior Forestal, asociado á praza antes mencionada.

Constatándose a necesidade da cobertura da praza e do posto antes mencionado, propónse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020, acorde:

**1º.-** Aprobar a convocatoria para prover a seguinte praza/posto, do cadro de persoal funcionario, reservada a promoción interna vertical:

OEP	NÚMERO VACANTES	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN POSTO	Nº POSTO ASOCIADO
2018	1	906	TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL	Escala administración especial, subescala técnica, técnicos superiores	A/A1	TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL	1472

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 13.03.2020 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na deputación provincial de Lugo. (BOP 089, de 20.04.2020- corrección erros BOP 112, de 18.05.2020)

**3º.-** Aprobar as bases específicas, que complementarían as bases xerais que rexerán o procedemento selectivo para cubrir a praza/posto de Técnico/a Superior Forestal, reservada a promoción interna vertical

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar nos correspondentes procesos selectivos.



5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas nos Boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 9.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

*.- Conta e cumprimento da Sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro de 2020, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Ordinario 345/2017, da Sentenza nº629/2020, de 23 de novembro de 2020, ditada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia no Recurso de Apelación nº4113/2020 e da Providencia de 20 de xullo de 2021 ditada pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo no Recurso de Casación nº3343/2021*

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, que textualmente di o seguinte:

“Primeiro.- Nos autos do Procedemento Ordinario 345/2017 seguidos a instancia de D. Ignacio Salvador Castro fronte á Deputación de Lugo contra o seguinte acto administrativo: “Acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo en fecha 1 de septiembre de 2017, en cuya virtud se ha desestimado la solicitud realizada por el recurrente mediante escrito presentado en fecha 12 de junio de 2017, en el que interesó la resolución de lo procedente “... con la finalidad de llevar a cabo las acciones de todo orden oportunas al objeto de procurar la ejecución integral del planeamiento vigente en lo concerniente a los terrenos incluidos en el ámbito del PERI 5.5/UI-9, a cuyo efecto y con tal finalidad deberá darse inicio, a la mayor brevedad, a los trámites a que obligan la legislación y el planeamiento urbanístico.”, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro, cuxo fallo é o seguinte:

*Que debo ESTIMAR y ESTIMO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. IGNACIO SALVADOR CASTRO frente a la EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como PROCESO ORDINARIO número 345/2017, respecto de la resolución citada en el encabezamiento de esta Sentencia, y en consecuencia ANULO el Acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo en fecha 1 de septiembre de 2017 por no ser ajustado al ordenamiento jurídico; y CONDENO a la administración demandada a llevar a cabo las acciones de todo orden oportunas al objeto de procurar la ejecución integral del planeamiento vigente en lo concerniente a los terrenos incluidos en el ámbito del PERI 5.5/UI-9, a cuyo efecto y con tal finalidad deberá darse inicio, a la mayor brevedad, a los trámites a que obligan la legislación y el planeamiento urbanístico. Las costas procesales hasta la cifra máxima de seiscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios del Letrado de la parte actora, se imponen a la parte demandada.”*

Segundo.- Fronte á dita Sentenza a Deputación interpón recurso de apelación, resolto pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia na súa sentenza nº629/2020, de 23 de novembro, coa desestimación do recurso de apelación interposto, confirmando integramente a sentenza recorrida, sen imposición de custas.

Terceiro.- O Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo denegou a execución provisional da Sentenza ditada no procedemento EJP 7/2021 mediante o Auto nº61/21, de 23 de xuño de 2021.

Cuarto.- A representación procesal da Deputación presentou escrito preparando recurso de casación fronte á Sentenza nº629/2020, de 23 de novembro, ditada no recurso de apelación 4113/2020, o cal foi inadmitido a trámite pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo a través da súa Providencia de data 20 de xullo de 2021, con imposición das custas procesuais á parte recorrente.

Polo anteriormente exposto, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:



1º.- Dar conta do fallo contido na Sentenza nº21/2020, de 14 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Ordinario 345/2017 , no cal se sinala: *“Que debo ESTIMAR y ESTIMO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. IGNACIO SALVADOR CASTRO frente a la EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como PROCESO ORDINARIO número 345/2017, respecto de la resolución citada en el encabezamiento de esta Sentencia, y en consecuencia ANULO el Acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo en fecha 1 de septiembre de 2017 por no ser ajustado al ordenamiento jurídico; y CONDENO a la administración demandada a llevar a cabo las acciones de todo orden oportunas al objeto de procurar la ejecución integral del planeamiento vigente en lo concerniente a los terrenos incluidos en el ámbito del PERI 5.5/UI-9, a cuyo efecto y con tal finalidad deberá darse inicio, a la mayor brevedad, a los trámites a que obligan la legislación y el planeamiento urbanístico.*

*Las costas procesales hasta la cifra máxima de seiscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios del Letrado de la parte actora, se imponen a la parte demandada.”*

2º.- Solicitar os informes que resulten necesarios para os trámites aos que se refire o fallo da devandita Sentenza”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.